



## Concello de Oza-Cesuras

---

### EDICTO

**ANUNCIO DE CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URXENTE DE PERSOAL LABORAL A TEMPO PARCIAL DE QUINCE HORAS Á SEMANA DUN OFICIAL DE PRIMERA E SEIS PEÓNS PARA COMENZAR A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “FORMACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO DO LUGAR DE A VEIGA A DEPURADORA DE CINES E FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS E REDE DE PLUVIAIS NO LUGAR DE BALDRÍS. PARROQUIAS DE SALTO, CINES E MANDAIO”**

- **Requisitos:**

- o Nacionalidade española ou nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.
- o Maior de 16 anos.
- o Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas da á que se opta.
- o Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- o Experiencia previa en postos similares neste concello.

- **Se admite persoal activo** con contratos de xornada laboral de duración non superior a 25 horas semanais.

- **Se prevé a posibilidade de que** a partires do 16 de outubro de 2017, por necesidades obxectivas, **a xornada laboral** dos traballadores seleccionados, **poida ser ampliada** a xornada completa ata a finalización da actuación prevista para o 12 de novembro de 2017

- **Méritos, por orde decrecente:**

- o **Experiencia profesional nas tarefas sinaladas:** ata un máximo de 10 puntos.
  - En concellos como Oza-Cesuras ou similares: 1,50 punto por mes.



## Concello de Oza-Cesuras

---

- No resto de concellos: 0,75 puntos por mes.
  - Noutras Administracións públicas: 0,50 puntos por mes.
  - No sector privado: 0,20 puntos por mes.
- No caso de resultar necesario precisar algún dos méritos ou a capacitación alegados poderase convocar aos solicitantes a unha entrevista, mediante citación á conta de correo electrónico e teléfono, que necesariamente deberá facilitarse.
  - No caso de que non se admitan máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización da valoración de méritos.
  - Inmediatamente despois de que remate o prazo de presentación de solicitudes, na mesma data, polos servizos técnicos se procederá a valoración dos méritos dos candidatos e a formular, no seu caso, a correspondente proposta de contratación, co fin de que o vindeiro 16 de agosto os candidatos seleccionados poidan comenar a traballar.
- **Documentación:**
    - o Instancia na que se inclúan os datos persoais completos, DNI, domicilio, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, facendo constar que se solicita ser admitido/a para a contratación urxente arriba reseñada e relacionando a documentación que se achega para acreditar os méritos alegados.
    - o Fotocopia compulsada do DNI.
    - o Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
    - o Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
    - o Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. A experiencia laboral deberá ser acreditada con orixinais ou copias auténticas ou cotexadas dos correspondentes contratos laborais e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións públicas
- **Prazo de presentación de solicitudes:**

Dende o 11 ata o 14 de agosto de 2017 ás 11:00 horas, ámbolos dous incluídos.

**O ALCALDE,**



Concello de  
OzaCesuras

## Concello de Oza-Cesuras

---

**Asdo.- José Pablo González Cacheiro**